

**A C T A 7/2021**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 28 DE XULLO DE 2021 -**

Na Casa do Concello, a vinte oito de xullo de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

D. Manuel Barreiro Rozados

**Non asisten, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

**Secretaria acctal:**

D.<sup>a</sup> María Elena Sueiro Fernández

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 738/2021 Á 854/2021)**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2022**
- 3.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA POLO MANTEMENTO DE TODAS AS LIÑAS DE PRIMARIA NO CEIP DE CALO**
- 4.- MOCIÓN CONXUNTA DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DE CALO**
- 5.- MOCIÓNS**
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 738/2021 Á 854/2021).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 25 de xuño de 2021 ata o 22 de xullo de 2021, que comprenden os números 738 ao 854, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2022.**

O sr. alcalde da conta da proposta do 5 de xullo de 2021, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes do 22 de xullo de 2021.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2022**

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2022.

Vista a tradición deste Concello, que ven fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño.

En consecuencia co anteriormente exposto, propoño ó Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro**.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2022 os seguintes días:

- 26 de maio (A Ascensión)
- 11 de novembro (San Martiño)

**Segundo**.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade”.

Non se fai uso da quenda de intervencións.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2022 os seguintes días:

- 26 de maio (A Ascensión)

- 11 de novembro (San Martiño)

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.

**3.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA POLO MANTEMENTO DE TODAS AS LIÑAS DE PRIMARIA NO CEIP DE CALO.**

O sr. alcalde expón que a ANPA do CEIP de Calo, con data 27 de xullo de 2021 (nº rex entrada 202199900001998) solicitou intervir no Pleno, de acordo co regulado no artigo 25.4 do Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo e artigo 25 do Regulamento de participación veciñal no Concello de Teo. O sr. alcalde pregunta aos grupos políticos si ven algún inconvinte en que interveña antes do debate e votación das dúas mocións que se presentan neste Pleno, xa que a moción conxunta está no punto cuarto, pero esta intervención afecta ás dúas mocións. Indica que aproximadamente a intervención durará 10 minutos. Todos os grupos amosan a súa conformidade.

O sr. alcalde cede a palabra á voceira da ANPA do CEIP de Calo, D<sup>a</sup>. Olaia Bajo Recalde, que expón:

*“Boas tardes ás persoas que integran a Corporación municipal e a todas as persoas que asisten a este pleno.*

*Comparezo hoxe aquí como representante da ANPA “A Rabadela” do Colexio de Calo, para esixirlle á Xunta e á Consellería de Educación a través do apoio deste Pleno, ao que agradecemos de antemán o apoio amosado dende o comezo, que rectifique e que manteñas as tres liñas en 4º de Primaria para o vindeiro curso no Colexio de Calo.*

*Como saberán, no último Consello Escolar do curso fomos informadas da intención da Xunta de suprimir unha das tres liñas de cuarto de Primaria no noso colexio, o que elevará a ratio das dúas aulas restantes ata o máximo permitido, pasando de 17 a 25 crianzas. Un aumento de case o 50% en termos porcentuais.*

*Dende que se nos trasladou a noticia, co acordo unánime das familias na última asemblea, comezamos a mobilizarnos para forzar unha rectificación, pero a resposta recibida até o momento resultou altamente insatisfactoria. Polo que volvemos a instar*

*neste Pleno á Xunta e á Consellería de Educación a que deixe de considerar ás crianzas que conformarán a sociedade do futuro como meros números e demandámoslle que abandone o argumento dos criterios técnicos e dos parámetros numéricos e organice as aulas tendo en conta as necesidades que presenta o seu alumnado.*

*Insisten dende a Administración en que cumplan a normativa e que acatan a lei, unha lei que efectivamente establece ratios máximas de 25 alumnas e alumnos, que pode ser incrementada até nun 10%, pero isto non é máis que un xeito de perverter a mensaxe, de facer ver coma se nós estivésemos a demandar algo ilegal. Pero o límite de 25 alumnas e alumnos é un máximo, nada indica que non se poidan manter grupos de 17 crianzas atendendo ás necesidades, ou acaso leva a Administración incumprindo a legalidade durante dous anos?*

*Repiten até a sociedade que a norma permite aulas de 25 alumnas e alumnos e esquecense que tamén a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro establece como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado. Resulta imposible garantir dita igualdade de oportunidades se non se teñen en conta as peculiaridades que presentan as crianzas deste curso, onde recordamos que se concentra máis dun 10% de alumnado con Necesidades Específicas e que dentro destas hainas con necesidades máis severas, de feito son dúas as crianzas con Trastorno do Espectro Autista.*

*A Inspección Educativa dispón de todos os recursos para coñecer de primeira man as implicacións que este recorte pode supor para estas crianzas especialmente vulnerábeis.*

*Cunhas aulas masificadas até o máximo permitido por lei condiciónase a que as actuacións de pedagogía terapéutica e atención á linguaxe se leven a cabo fóra da aula, o que leva a unha perda de horas lectivas e a un aumento da carga educativa que estas crianzas levarán para a casa. Ademais, moitas destas nenas e nenos padecen hipersensibilidade acústica, e semella lóxico pensar que o peche da liña e o reagrupamento en aulas con maior alumnado aumentará o nivel de ruído, o que pode provocar unha desestabilización anímica e emocional destas crianzas, que a miúdo teñen que saír da aula no transcurso lectivo para lograr autorregularse. Por non falar de*

*que os trastornos do espectro autista moitas veces cursan con déficit de atención, que evidentemente tamén se verá prexudicado coa masificación das aulas. E todo isto pode desencadear novas comorbilidades como o illamento social ou o estrés.*

*Isto é o que pode suceder cos máis vulnerábeis, pero Administración Educativa sabe, ou debería, que as aulas son pequenas comunidades, e o estrés que sintan estas crianzas vai repercutir no resto do alumnado e no corpo docente, empeorando a calidade e atención educativa de todas estas crianzas, que verán condicionado o seu desenvolvemento educativo ás posibilidades das familias e á dispoñibilidade de recursos, tempo e coñecementos destas, vulnerando por completo o dereito a unha educación inclusiva e equitativa, principios fundamentais da Escola Pública.*

*Pero isto xa o saben, de feito a Inspección non tería máis que recorrer ao expediente do primeiro desdobre para corroboralo. Así a todo, recordámoslle no seu día á Inspección a situación vivida no pasado. Explicámoslle que dous anos atrás, con só dúas liñas e a mesma porcentaxe de Necesidades Específicas viviuse unha situación insostíbel, con baixas sucesivas e encadeadas dos docentes, plenamente xustificadas, e da que foi coñecedora a anterior Inspección, que abriu expediente polo sucedido, dado as implicacións que iso producía nas crianzas e nas súas familias e recomendando o desdobre.*

*As consecuencias desta decisión foi unha mellora xeral dos resultados académicos. Proba diso é que no curso que acaba de rematar, todo o alumnado promocionou. E iso malia as dificultades engadidas pola pandemia e as necesidades de persoal e medios que o centro vén arrastrando desde hai anos. Tamén mellorou a convivencia, o ambiente escolar e a evolución dos nenos e nenas que precisan axuda adicional dentro ou fóra da aula e en consecuencia do resto de compañeiras e compañeiros.*

*Todas estas explicacións ante a Inspección provocaron a resposta de sempre, criterios técnicos e parámetros numéricos. Nin sequera profundaron máis ante as demandas enviadas tamén polo centro solicitando o mantemento das tres liñas, quen xustificou a petición, como xa se fixera anteriormente, na cantidade de crianzas con necesidades específicas presentes nestes nivel e o déficit de atención á diversidade que se produce con estas en aulas masificadas até o máximo permitido.*

*Como pode organizarse unha aula que aumenta en case un 50% o alumnado, cando máis do 10% precisa axuda adicional? Cre alguén que é posíbel garantirlle a estas*

*crianzas unha igualdade efectiva de oportunidades nestas condicións? Que se pode proporcionar unha educación inclusiva que traballe para que acaden o máximo desenvolvemento posíbel das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais e unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades, aumentando a cantidade do alumnado case un 50%? Se xa durante este curso foi difícil, con ratios de 25 será imposíbel. Sábeno ben os docentes, que antes do desdobre sufriron as consecuencias da masificación en primeira persoa. E sabémolo as familias, conscientes da evolución dos nosas fillas e fillos.*

*Semella que hai alguén que se esquece que estamos a falar de nenas e nenos de 8 e 9 anos, de crianzas que teñen que adquirir no ensino básico as competencias esenciais para desenvolverse plenamente na nosa sociedade.*

*Deberíanse ter en conta as implicacións que este reagrupamento poida ter en todo o alumnado, e especialmente nas crianzas máis vulnerábeis, insistimos, e insistiremos o que faga falta en que é un problema de necesidades, que se debe atender ás peculiaridades que presenta este nivel e recordamos que non demandamos nada máis que continuar como estaban, con tres liñas, para permitir unha menor porcentaxe de crianzas con necesidades específicas por aula.*

*Pode que non atendan aos nosos argumentos por non considerarnos ás familias interlocutores válidos, pero estamos aquí para recordar que somos parte da comunidade educativa e que somos as representantes legais do alumnado, e imos velar polo seu mellor interese e estaremos vixiantes ao desenvolvemento que estas nenas e nenos teñan durante o vindeiro curso como consecuencia do recorte da liña, porque xa advertimos das consecuencias que isto podía traer, porque xa se viviu e a anterior inspección sábeo. Por iso esixiremos as responsabilidades a quen corresponda en caso ver reducida a calidade educativa e de que non se cubra, como marca a lei, a atención á diversidade.*

*Logo do exposto queremos solicitar o apoio deste Pleno na demanda do mantemento das tres liñas en 4º de Primaria que fan as familias do Colexio de Calo e para defender unha escola pública e de calidade, que organice as aulas segundo as necesidades e que non vulnere o dereito á educación equitativa, condicionando o desenvolvemento das crianzas ás posibilidades das súas familias. Debemos partir da idea de que a*

*educación pública de calidade é un investimento e unha garantía de futuro para a nosa sociedade, polo que nunca debería ser concibida coma un gasto.*

*Grazas ao Pleno polo apoio unánime ás familias do Colexio de Calo, por darnos voz e por escoitarnos. Apelamos agora á súa sensibilidade”.*

O sr. alcalde agradece a intervención de D<sup>a</sup>. Olaia Bajo Recalde, e cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Barreiro Rozados para pasar a debater a moción presentada polo grupo do BNG.

O sr. Barreiro da conta da moción do seu grupo de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1890), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade Cidadá, Participación Veciñal e Deportes de 22 de xullo de 2021.

**“O Grupo municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte moción en apoio das reivindicacións da comunidade educativa: polo mantemento de todas as liñas de primaria no CEIP de Calo para o seu debate en Pleno.**

#### **Exposición de motivos:**

No ámbito educativo a pandemia puxo de manifesto a improvisación constante e mesmo a irresponsabilidade das autoridades educativas. A principio do curso 2020-21 a Consellería deixou ao CEIP Os Tilos sen comedor escolar, o que provocou graves inconvenientes e gran preocupación ás familias, así como unha importante tensión nos centros durante todo o curso. As confusas e cambiantes instrucións da Consellaría de Educación dificultan a posta en marcha de cada curso, ao que se lle engadeu neste último curso o sobre esforzo de toda a comunidade educativa, das familias e dos cadros docentes.

A Consellaría estivo agardando que rematara o curso para, en pleno período estival, asestar un novo golpe ao ensino público galego e nomeadamente á veciñanza de Teo. A primeiros de xullo,



co curso xa rematado e moito do profesorado fóra dos centros, a Xunta de Galiza vén de tomar unha grave decisión de cara ao ano académico 2021-22 que afecta ao CEIP de Calo.

Continuando coa política de recortes, e de total ausencia de sensibilidade, a Consellaría de Educación quere suprimir unha das tres aulas de cuarto de primaria malia ser este un curso no que hai varios casos de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Todo isto sen ter en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e, o que é máis grave, as necesidades do alumnado máis vulnerábel. Nese nivel educativo o centro ten máis dun dez por cento de alumnado con necesidades educativas especiais, mesmo dous con trastorno de espectro autista.

A Consellaría ampárase na coñecida como Lei Celaá para reducir esta aula argumentando que non incumpren as ratios. A devandita Lei impón límites máximos de alumnos mais non mínimos, non ten ningún sentido reducir os servizos e a atención ao alumnado, mermando a calidade do ensino, a atención e menoscabando os dereitos do alumnado. Trátase, pois, dunha decisión antipedagóxica que non ten en conta os nenos e nenas nin ás familias que se manifestan en contra desta medida.

O *modus operandi* da Consellaría é inxustificábel: aplicación de decisións consumadas e comunicadas, sen opción a réplica, xa rematado o curso e tentando eliminar calquera atisbo de resposta ou mobilización, a falla de diálogo cos centros e as familias e o menosprezo absoluto pola participación e a opinión dos representantes dos pas e nais.

Os pasos dados pola Consellaría, comprometen á dirección do centro é o equipo docente e tratan de impedir que se manteña neste centro educativo o mesmo persoal co que contou este ano, poñendo así en risco o seu correcto funcionamento con menos persoal e ratios máis altas. Xustamente nun momento no que a pandemia segue viva e no que o que se require é o contrario: Reducir as ratios para evitar a incidencia da pandemia e sobre todo para atender mellor a diversidade e poder contar cun ensino público realmente integrador, equitativo e de calidade.

Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que manteña na súa totalidade o persoal educativo dos CEIPs de Teo, e en particular no de Calo, así como que se garanta a continuidade de todos os servizos.

2. Apoiar as reivindicacións das comunidades educativas dos centros públicos de Galiza que se opoñen ao peche de colexios e ao deterioro do ensino público.

3. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galiza”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, cede a palabra á concelleira do seu grupo sra. María Josefa Argibay da Silva, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal, a cal, en primeiro lugar agradece o traballo da ANPA “A Rabadela” do colexio de Calo. A sra. Argibay indica que dende o PSdeG-PSOE apoiaron dende o primeiro momento a petición da ANPA porque entenden que é xusta, e en beneficio dunha educación pública e de calidade, e apoian as peticións das familias que non piden nada a maiores, senón tan só un mantemento das tres liñas xa existentes, o cal permite unha atención individualizada nun curso no que o 10% dos alumnos ten necesidades educativas especiais, e que dou moi bos resultados o último ano. Ademais os dous últimos directores do centro solicitaron á inspección a creación da terceira liña en terceiro de primaria para poder atender á diversidade do grupo, e o actual director solicitou o mantemento desa terceira liña en cuarto de primaria salientando que a evolución educativa do alumnado foi moi favorable neste curso. O pasado 13 de xullo mantiveron unha reunión, xunto ca representante da ANPA, ca inspectora na que amosaron a preocupación das familias. O 16 de xullo o grupo do PSdeG-PSOE solicitou unha reunión urxente co xefe territorial coa finalidade de solicitarlle o mantemento desa terceira liña, que á data aínda non se lles concedeu, polo que queren pedir o apoio unánime do Pleno para conseguir que se atenda a esta petición das familias do Colexio de Calo en beneficio dunha educación pública e de calidade.

O sr. alcalde cede a palabra ao grupo municipal do PP. O sr. Sánchez expón que o seu grupo dende o primeiro momento apoiou a petición da ANPA na reunión que mantiveron, e por iso asinaron a moción conxunta do punto seguinte, e polo tanto van a apoiar esta moción, por dous motivos: porque llo pide a veciñanza e porque ademais como dixo Olaia consideran que a situación require especial sensibilidade.

O sr. alcalde indica que dende SondeTeo, e compartido co goberno municipal, entenden que si ben a lei ten unhas ratios, hai que ter en conta as circunstancias do momento, e que hai que ter en conta ademais das ratios os criterios técnicos que informan das situacións de cada momento. Mediante criterios técnicos decidiuse ese desdoblamento da liña, polo que na práctica non se entende que se recorte ese desdobre feito con criterios técnicos encubríndoo nunha realidade post COVID, sabendo ademais que se vai empeorar unha situación que antes dese desdoblamento xa era moi complicada e complexa. Indica que aínda que parece que estamos todos de acordo non se debe obviar que “disfrutamos de lo votado”, pois está seguro de que non todas as forzas políticas no goberno en Galicia farían o que se está a facer, polo que tampouco podemos poñernos unha venda nos ollos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo do BNG, sr. Barreiro, sinala que non fan só o que fan, senón que no colmo da prepotencia dende a Xunta de Galicia non responden ás demandas do colexio nin da ANPA, como xa pasou no caso do Colexio dos Tilos. Sinala o PP que pon á veciñanza por riba de todo, cousa que os honra, pero deben falalo co seu partido porque falta coherencia: ou asumen o que o PP está a facer na Xunta ou toman medidas, porque non se pode facer unha cousa na Xunta e votar en contra en Teo. Hai que ser máis contundentes co seu partido para que deixen de facer estas cousas e de recortar servizos públicos, de menoscabar os dereitos dos/as cidadás e de menoscabar á sanidade e á educación pública.

A concelleira do PSdeG-PSOE sra. Argibay, concelleira delegada de Educación, Cultura, Administración e Participación veciñal non fai uso desta quenda de intervencións.

O sr. alcalde cede a palabra ao sr. Sánchez, do grupo do PP, o cal manifesta que non ía comentar o que vai dicir a continuación e manifesta por riba de todo e unha vez máis o seu apoio incondicional á ANPA. Sorpréndelle que aos restantes partidos políticos lles moleste que o PP apoie á veciñanza. Este tema non é a primeira vez que se trae aquí. Quere poñer de relevo o drástico cambio de discurso do PSOE e BNG. Cando se trouxo o discurso das ratios o gran problema era Rajoy e a LOMCE, ter unha ratio de

25 alumnos era culpa da LOMCE e do goberno central para PSOE e o BNG. Agora cambiou o discurso e o problema non é do goberno central, senón de Feijoo. Entende que o PSOE cambiara de discurso porque lle vai no soldo, e ao BNG tamén. A competencia da ratio é exclusiva do goberno central, e as comunidades autónomas deben asumir e acatar estas competencias. E puideron cambiar a Lei Wert e baixar, por exemplo, a ratio a 20, pero non o fixeron. Hai seis meses puideron cambialo, e aínda poden cambiar a lei. Ademais o goberno central, o PSOE, eliminou os centros de educación especial, unha das grandes denuncias feitas á LOMLOE, e non se compensou de ningunha forma esa eliminación cunha maior atención a eses nenos en centros de educación ordinaria. E o BNG permitiu que esa lei se aprobase, mantendo o que o BNG entendía que era un escándalo con Rajoi, a ratio de 25 alumnos por aula. Pregunta si o BNG presentou enmendadas para baixar esa ratio, e si esa é a sensibilidade do BNG para os alumnos con necesidades educativas. Di que entende que agora mire para outro lado, que se poña a mirar polas fiestras.

O sr. Barreiro irrompe para dicir que este é un discurso moi rancio, indicándolle o sr. alcalde que non interrompa ao sr. Sánchez.

O sr. Sánchez continua sinalando que o BNG tivo a oportunidade de facelo, esa é a realidade, e entende que lle doa, e escóndese debaixo das pedras, deixaron tiradas nas cunetas ás familias apoiando á LOMLOE, esta é unha cuestión de recortes.

O sr. Barreiro diríxese ao sr. Sánchez para dicirlle que “de cunetas saben ben vostedes”, reiterando o sr. alcalde que non interrompa.

O sr. Sánchez di que o sr. Barreiro non entendeu o que dixo, que dixo que é unha cuestión de recortes, que non se teñen en conta as verdadeiras carencias dos centros educativos e que esta é unha decisión antipedagóxica, e isto o fixeron os do BNG. Pídelles que actualicen o seu discurso, xa que levan 30 anos escoitando que se elimina o ensino público, e o ensino público galego é un dos cinco mellores de toda España. “Disfrutemos do votado” como di o sr. alcalde, porque esta é a Lei orgánica do PSOE e do BNG, e se hai uns anos o responsable era Rajoi, agora os responsables da LOMCE son o PSOE e o BNG.

O sr. alcalde manifesta que cada vez o PP lle sorprende máis. Di que si vas pola estrada e atopas un sinal de prohibido a máis de 50 non implica que poidas ir a menos,

recórdalles que a lei estatal fixa un máximo, non un mínimo, e que polo tanto non teñen que levarse as ratios ata o máximo. As competencias plenas as ten a comunidade autónoma, indica que os que se consideran nacionalistas cren que debería ser a comunidade autónoma a que fixe as ratios, o que non quita que o goberno central fixe uns límites máximos dos que non poida baixar a educación. Non se deben mezclar nin confundir os centros de educación especial coas necesidades específicas de apoio, e aí que o desenvolvemento das leis estatais son radicalmente distintas as do PP e as dos partidos de esquerdas. Pregunta aos grupos se queren abrir unha terceira quenda de intervención para fixar posicións, porque entende que é mellor facelo agora e non na moción conxunta de todos os grupos para non desvirtuala.

Aberta unha terceira quenda de intervencións, o portavoz do grupo do BNG, sr. Barreiro, expón que lle sorprende moito que para o PP as culpas sexan sempre do BNG, aínda que xa están acostumados a cargar con elas. Di que agora son os do PP os defensores da educación e a sanidade pública, pero que son eles os que as están recortando, e que a educación pública funciona, non grazas, ao PP, senón grazas aos ensinantes, familias e alumnos. Dille ao sr. Sánchez que manexa moi ben a falacia e a demagogia, os límites que marca a lei son máximos, o explicou moi ben a representante da ANPA, a lei non di que poida haber menos de 25 nenos, porque o tope é por riba, non por abaixo, e neste caso, dadas as necesidades especiais que hai nas aulas parece natural que a ratio diminúa. Sinala que o BNG nunca gobernou, nunca tivo un Ministro de Cultura. Teñen un xogo coas competencias que ninguén entende, nunca é culpa súa, sempre é dos demais. Agora a culpa é da LOMLOE, pero a lei non di que a ratio non poida ser inferior, que é o que se pide, aínda que sexa puntualmente nun caso especial.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, intervén para sinalar que pensou que este debate sería sobre as necesidades educativas do CEIP de Calo, pero como sempre volven ao pasado. Primeiro, o BNG non apoiou a LOMLOE, non ten a culpa da LOMLOE, o PP votou en contra e o BNG se abstivo, non apoiaron ningún, teñen a mesma culpa os dous. Segundo, sinala a sra. Lemus que en canto aos centros de educación especial non coñece ningún que pechase, porque a LOMLOE non di que se

vaia pechar ningún. Terceiro, engade que o sr. Sánchez di que non quere entrar en discursos, pero entra, o cal é ilóxico. Se quere apoiar a moción, pero non pode ser só pola veciñanza, porque a moción do BNG fala de moitos centros que están no mesmo caso que Calo, fala de centros educativos en Galicia na mesma situación. Vamos a asumir as competencias de cada un: non pode apoiar á veciñanza e dicir que a culpa non é nosa. A que decidiu en xullo enviar unha carta ao CEIP de Calo foi a Xunta de Galicia, non foi a ministra Celá. Por unha decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada por maioría absoluta polo PP adoptouse esta decisión e cambiou o criterio técnico de hai dous anos, estamos a recortes e se nota, porque esto podería cambiarse ca LOMLOE, pero non foi así, cambiouse agora por recortes. É unha política de recortes e aínda teñen a imprevisión do que ocurrirá en setembro. Non poden facer un discurso dobre, sobre todo cando o seu argumento é falso, o máximo son 25 alumnos, pero a obriga non é que teñan que ser 25 alumnos por aula, e non sabe en que pode argumentar en que aínda que apoian a moción a culpa é de outros, xa que a decisión é da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada polo PP. Ademais non saben porque a Consellería non contesta á solicitude reunión, o único que se lle ocorre é que está moi liada, ou non, e que estará a non contestar porque non teñen ningún interese, ou que sexa para desmobilizar as familias, xa que é xullo, comeza o verán e en setembro as familias xa teñen bastante co comezo do cole, así que xa nos poñemos en outubro e xa estamos cas clases. Por coherencia di que asuman que é decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia gobernada polo PP, non do BNG que non ten nada que ver.

Agradece ao PP que apoie a moción, pero lles pide que mañá collan o teléfono e chamen aos seus contactos para que se faga a reunión, xa que o están apoiando e o consideran inxusto.

O sr. Sánchez, concelleiro do PP, apoia ao 80% o que di o alcalde de que nunha estrada sinalizada a 50 non se poida ir a 30, por eso apoian a moción, di que todos falan do mesmo, e que tan só quixo dicir que se hai dous anos a culpa a levaba a LOMCE e Rajoy, a culpa agora é do PSOE e da LOMLOE. Si lle pedían asumir hai dous anos responsabilidades agora quere que cada cal asuma as súas. Por un lado está o apoio do seu grupo ao Colexio de Calo, pero por outro quixo poñer de relevo a

cuestión política, o cambio de discurso que se fixo, xa que lle estrañou a radicalidade dos dous partidos. Engade que lle chama poderosamente a atención que lle pidan que xestione ante a Xunta de Galicia, cando a dedicación exclusiva no Concello de Teo en Cultura e Educación é o PSdG-PSOE, non do PP, quen goberna e debe xestionar son vostedes. Finaliza engadindo que comparten e apoian a esencia da moción.

O sr. alcalde expón que en todo caso non molesta que o PP de Teo se poña ao lado da veciñanza, pero si desconcerta, e o que si molesta é a postura da Consellaría de Educación neste caso.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**1. Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza que manteña na súa totalidade o persoal educativo dos CEIPs de Teo, e en particular no de Calo, así como que se garanta a continuidade de todos os servizos.**

**2. Apoiar as reivindicacións das comunidades educativas dos centros públicos de Galiza que se opoñen ao peche de colexios e ao deterioro do ensino público.**

**3. Dar traslado deste acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galiza.**

#### **4.- MOCIÓN CONXUNTA DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DE CALO.**

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde da conta da moción conxunta de Son de Teo, PSdeG-PSOE, PP e BNG, de apoio ás reivindicacións da ANPA de Calo, do 22 de xullo de 2021 (rex. entrada nº 3610), que se recolle a continuación.

#### “MOCIÓN CONXUNTA DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA ANPA DE CALO

Os grupos políticos municipais abaixo asinantes (Partido Popular de Teo, SONdeTEO, PSdG-PSOE e BNG), diante do escrito presentado pola *Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo* no que solicita “o apoio do Pleno do Concello e de todas as agrupacións municipais na reivindicación do mantemento da liña de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/2022”

#### **ACORDAN**

**Apoiar a petición da *Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo* anexa a esta moción na súa reivindicación do mantemento das tres liñas de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/22, asumindo os argumentos expostos no mencionado escrito.**

Teo, 22 de xullo de 2021”

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso das súas quendas de intervención.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda apoiar a petición da *Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo* anexa a esta moción na súa reivindicación do mantemento das**



tres liñas de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/22, asumindo os argumentos expostos no mencionado escrito.

Como anexo á presente incorpórase o escrito da Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1886).

## **5.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto sexto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

O concelleiro do BNG, sr. Barreiro formula os seguintes rogos e preguntas:

- Os veciños din que están pintando a estrada na zona de San Domingo, e non sabe se van a empezar as obras. A sra. Lemus resposta que non sabe de quen son, non constan solicitudes de obras de canalizacións, e hainas en máis sitios do Concello, non teñen nin idea.
- Solicitan os veciños a desratización na zona que está á beira do restaurante Os Robles en Montouto, no esqueleto do edificio e na leira.
- Quere saber si se fixo algunha xestión dos coches abandonados que comunicaron no pleno anterior. O sr. alcalde di que está a policía con elo e que conta que nun prazo curto de tempo. En canto á desratización indica que apuntouno e que cando é así que mellor que o comuniquen ao Concello, porque esta semana fíxose outra.
- Pregunta si hai data prevista para o parque de Campos de Mirabel.
- Os veciños solicitan que algunha praza de aparcamento de automóviles se convirtan en prazas de bicicleta, tamén en Campos de Mirabel. O sr. Elías di que están a traballar no terreo do parque.

- Suxire difundir información sobre o punto limpo porque se deixan nos contedores moitos voluminosos, e non saben se é por descoñecemento da xente. O sr. alcalde di que por informar que non quede, é unha labor permanente que hai que facer.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez formula as seguintes preguntas:

- Pregunta unha veciña si se poden utilizar as pantallas do Gadis para informacións do Concello.

- Solicita que se desbroce en fronte do bar Javier de Francos, hai unha curva e risco por mala visibilidade.

- Indica que están a chegar aos veciños cartas para que desbrocen faixas secundarias e que se lles da un prazo de 15 días para facelo. Os veciños piden máis tempo. O sr. alcalde di que o SEAGA deulles traslado de catrocentas trinta fincas para que se notifique aos propietarios. Na práctica non é o primeiro aviso, porque é unha obriga que hai que facer antes do primeiro de maio. O problema está en que a xente non sabe onde remata a franxa de 50 metros que rodea ao terreo edificable. Todos somos consciente de que o prazo de 15 días é insuficiente porque non hai empresas suficientes que llo fagan, así que se lles está a decir aos veciños que as vías son acollerse ao convenio do SEAGA para a limpeza ou que asinen un orzamento para que llo fagan o máis pronto posible. Chegaron só as cartas de Calo e Cacheiras, aínda faltan as do resto de parroquias.

A sra Diéguez di que hai casas deshabitadas dentro das aldeas que están sen limpar e que poden ser un polvorín, e non sabe si non se lles require ou quen ten que requirilos. O sr. alcalde di que o Concello pode intentar buscar e notificar aos propietarios, e si o fan polas boas ben, pero que non é como ca Lei de incendios que permite repercutir os gastos aos propietarios, xa que si a propiedade non está afectada pola Lei de incendios a capacidade de reacción que ten o Concello é menor.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

O concelleiro do PP, sr. Guerra pregunta:

- Indica que hai unha sra. moi enfadada no nº 16 de Noceda que pide que se limpe a maleza que invade o camiño.
- Pregúntalle polas que as luces da ponte de Pontevea, que parece que xa están postas e tan só falta darlle a un botón. A sra. Lemus di que en canto veñan de vacacións.
- Na Urbanización de San Pedro e en Chaves pregúntalle pola fibra óptica. A sra. Lemus indica que depende da liña de A Ramallosa, que en unhas tres semanas dende que acaben.
- En Rarís nº 85 pide un veciño un tubo na cuneta. A sra. Lemus di que a carreteira e nosa, pero que o veciño pretendía canalizar ca obra da senda e non se pode.
- En Cachóns nº 21-25 está o alcantarillado sen facer. Na casa de Naveira reclaman a reparación da carreteira que está deplorable.
- Antes de que comece o colexio, en fronte da ferretería de Cacheiras os buses invaden a carreteira. Deberían eliminarse dúas prazas de aparcamento na esquina.

O concelleiro do PP, sr. Reyes pregunta:

- Pregunta sobre a obra de Insua, quere saber en que punto están os trámites. A sra. Lemus di que se aprobou onte a licitación, que entre 3-5 meses.
- En Insua, na Ruta da Muiñeira na parte final, a maleza invadiu o muiño que está pegado a Insua e os lavadoiros. Quedou alí a base da antiga depuradora, pide que se proceda en consecuencia.
- Recorda a situación crítica da pista de Quintáns, e non se queda atrás a pista que recorre o centro do Aido, e en Nespereira.

A concelleira do PP, sra. Nariño pregunta:

- No parque de Penelas as portarías do parque retiráronse, pero non se puxeron. O sr. Iglesias di que se quería facer un vaiado para evitar que saian os balóns, pero ten que estudar o tema. A sra. Nariño di que xa hai dous anos e medio, que se retiraron e non se puxeron, di que están postos os barrotes pero non hai portarías nin vaiado, e espera que se lle dea resposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal

Rafael C. Sisto Edreira

M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández

### **ANEXO**

**Escrito da Asociación das nais e dos pais do alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Calo, de 9 de xullo de 2021 (Rex. 999, nº entrada 1886)**



**A ASOCIACIÓN DAS NAIS E DOS PAIS DO ALUMNADO DO  
COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE CALO**

Fixó 14 CALO 15.866 TEO @anparabadela anparabadela@gmail.com

A ANPA A Rabadela do CEIP A Igrexa-Calo, como representante das familias de dito centro, solicita o **apoio de Pleno do Concello e de todas as súas agrupacións municipais na reivindicación do mantemento da liña de 4º de Primaria para o vindeiro curso 2021/2022** que a Consellería de Educación ten intención de suprimir, tal e como se nos trasladou no Consello Escolar do CEIP A Igrexa-Calo que tivo lugar o martes 29 de xuño.

As xustificacións que aportamos como fundamento para o mantemento da liña son as seguintes:

1. Que nese nivel educativo concéntranse máis dun 10% de crianzas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE de agora en diante) que neste ano se distribuíu en tres aulas e que de levarse a cabo a supresión da liña para o ano concentrárase en dúas únicas aulas, de 25 e 25/24 alumnas/os en cada unha:

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022	
3ºA	NEAE asociada a un TEA	4ºA	NEAE asociada a un TEA
3ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura (dislexia)	4ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura (dislexia)
3ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura	4ºA	NEAE por dificultades na lectoescritura
3ºB	NEAE asociadas a dificultades na fala e na linguaxe	4ºB	NEAE asociada a un TEA
3ºB	NEAE por dificultades na lectoescritura (incorporación tardía)	4ºB	NEAE asociadas a dificultades na fala e na linguaxe
3ºC	NEAE asociada a un TEA	4ºB	NEAE por dificultades na lectoescritura (incorporación tardía)

2. Que dous anos atrás, con só dúas liñas e a mesma porcentaxe de NEAE vivíuse unha situación insostible con baixas sucesivas e encadeadas dos docentes e da que foi coñecedora a anterior Inspección, que abriu expediente polo sucedido, dado as implicacións que iso producía nas crianzas e nas súas familias.

3. Que as familias, a través desta ANPA, non reclaman nada a maiores, só o mantemento das tres liñas actuais, que favoreceu a evolución positiva de todo o alumnado durante este curso por permitir unha atención á diversidade e individualizada, que a evidencia xa demostrou que é imposible de garantir elevando ao alumnado ao máximo permitido con esa cantidade de crianzas con NEAE.

4. Que a 6 de xullo de 2021 tivo entrada no rexistro do centro unha instancia dunha familia que, aportando o diagnóstico da súa crianza, expón que esta non precisou de medidas ordinarias nin extraordinarias, nen sequera se lle abriu expediente de NEAE porque a ratio establecida neste curso permitíu, xunto coa especialidade en Audición e Linguaxe da titora, da atención e interacción suficientes como para lograr a correcta evolución da alumna.

5. Que en base a todo o mencionado e tomando como referencia a *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro* que establece como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva

tratando de conseguir que acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades, existe motivo e fundamento para o mantemento das tres liñas.

6. Que sabendo que a *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato* reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no seu artigo 4 a determinación estimativa do número de alumnas e alumnos por unidade escolar, que no seu apartado a) indica que para segundo de educación infantil e educación primaria serán 25 por unidade, non é máis que o establecemento dunhas ratios máximas, xa que a *Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE)*, no seu título preliminar, artigo 3, apartado 5, establece precisamente a adecuación das ensinanzas de réxime xeral ás características dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

7. Que no *DECRETO 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais*, establécese que en calquera caso, a Administración educativa dotará cos recursos adecuados os centros nos que se escolaricen estes alumnos e alumnas e que, en atención a isto, e tendo en conta a evolución positiva que se produciu neste curso, consideramos que existe base suficiente para xustificar o mantemento das tres liñas, en atención á excepcionalidade que sucede neste nivel no que se concentra máis dun 10% de alumando con NEAE.

En Teo, a venres 09 de xullo de 2021

**A presidenta da ANPA 'A Rabadela'**



*Begoña Besada Diz*